



**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A POSTA EN MARCHA, CON CARÁCTER PROVISIONAL, DAS ENSEINANZAS DEPORTIVAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO NAS ESPECIALIDADES DE DEPORTES DE INVERNO NO CENTRO AUTORIZADO SALVACON DE OURENSE.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 3º, integra as ensinanzas deportivas dentro do sistema educativo como ensinanzas de réxime especial. Así mesmo, no capítulo VIII do título I, fixa os principios xerais que rexerán estas ensinanzas e atribúe ás administracións educativas o establecemento do currículo das distintas ensinanzas do que formarán parte os aspectos básicos fixados polo Goberno.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial; e no Real Decreto 319/2000, do 3 de marzo, establécense os títulos de Técnico Deportivo e Técnico Deportivo superior nas especialidades dos Deportes de Inverno, se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas de acceso a estas ensinanzas.

A Orde do 12 de setembro de 2011 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro autorizado de ensinanzas deportivas Salvacón, no concello de Ourense, (DOG do 6 de outubro de 2011), autoriza a dito centro a impartir as ensinanzas de técnico deportivo de deportes de inverno nas especialidades de esquí alpino, esquí de fondo e snowboard.

Con data do 14 de xaneiro de 2013, a Xefatura Territorial de Ourense, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, emite resolución pola que aproba a relación de persoal que impartirá as ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior nas especialidades de deportes de inverno no citado centro autorizado Salvacón de Ourense, e adscribe dito centro ao CIFP A Farixa a efectos administrativos.

Tendo en conta o marco normativo establecido para estas ensinanzas, e en tanto non sexa publicado o currículo específico para estas especialidades deportivas na nosa comunidade autónoma, cómpre establecer diversos aspectos referidos á implantación destas ensinanzas.

A estes efectos, esta dirección xeral resolve ditar as seguintes instrucións para a posta en marcha das ensinanzas conducentes aos títulos de Técnico deportivo nas disciplinas de esquí de fondo, esquí alpino e snowboard no centro autorizado SALVACON no curso escolar 2012-2013.

1.- Organización académica.

1.1 No artigo 24 do Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, establécense as distintas tipoloxías de oferta destas ensinanzas.

1.2 Tendo en conta o recollido no citado artigo 24, e co obxecto de permitir compatibilizar o estudo con outras actividades deportivas, laborais o de outra índole, o centro autorizado SALVACÓN poderá flexibilizar a oferta destas ensinanzas deportivas ao longo do curso, de forma completa ou parcial, por bloques ou módulos, sempre e cando a dita oferta se axuste ao establecido nas normas de referencia xa citadas.



## 2.- Estrutura das ensinanzas.

2.1 O Real Decreto 319/2000, do 3 de marzo, no seu Capítulo I, artigos 2 e 3, establece a estrutura das ensinanzas, indicando os bloques que o integran (bloque común, bloque específico, bloque complementario e bloque de formación práctica), así como os seus contidos mínimos e a duración dos mesmos.

2.2 Tendo en conta o anterior, a distribución horaria das ensinanzas conducentes á obtención do Título de Técnico nas especialidades deportivas de deportes de inverno, rexeráse polas especificacións recollidas no Anexo I a esta resolución, no que se establecen os módulos correspondentes aos distintos bloques do Nivel I e Nivel II para cada unha das especialidades que conforman estas ensinanzas.

## 3.- Posta en marcha da ensinanzas.

3.1 A actividade lectiva nestas ensinanzas comezará inmediatamente finalizado o proceso de admisión dos aspirantes que acrediten ter superadas as probas de acceso, quedando o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente, de conformidade co establecido no artigo 3º da citada Orde do 12 de setembro de 2011.

3.2 O servizo provincial de inspección educativa, no exercicio das súas funcións, velará polo cumprimento do establecido na presente resolución.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Manuel Corredoira López



## ANEXO I

### DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS ENSEÑANZAS CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO NAS ESPECIALIDADES DOS DEPORTES DE INVERNO.

#### TÉCNICO DEPORTIVO EN ESQUÍ ALPINO

	PRIMEIRO NIVEL		SEGUNDO NIVEL	
	Teoría	Práctica	Teoría	Práctica
<b>Bloque común</b>				
Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte	15	0	25	5
Bases psicopedagóxicas	10	5	15	5
Adestramento deportivo	10	10	15	15
Fundamentos sociolóxicos do deporte	5	0	0	0
Organización e lexislación deportiva	5	0	5	0
PPAA e hixiene do deporte	30	15	0	0
Teoría e socioloxía do deporte	0	0	10	0
	<b>75</b>	<b>30</b>	<b>70</b>	<b>25</b>
	<b>105</b>		<b>95</b>	
<b>Bloque específico</b>				
Desenvolvemento profesional	20	0	15	0
Formación técnica do esquí alpino	35	30	30	50
Material de esquí alpino	5	5	10	10
Medio ambiente de montaña	5	5	10	5
Metodoloxía de ensino do esquí alpino	30	20	25	25
Metodoloxía do adestramento do esquí alpino	0	0	30	30
Seguridade deportiva	20	10	20	20
	<b>115</b>	<b>70</b>	<b>140</b>	<b>140</b>
	<b>185</b>		<b>280</b>	
<b>Bloque complementario</b>	<b>25</b>		<b>45</b>	
<b>Bloque de formación práctica</b>	<b>150</b>		<b>200</b>	
<b>Carga horaria total</b>	<b>465</b>		<b>620</b>	



## TÉCNICO DEPORTIVO EN ESQUÍ DE FONDO

	<b>PRIMEIRO NIVEL</b>		<b>SEGUNDO NIVEL</b>	
<b>Bloque común</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>
Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte	15	0	25	5
Bases psicopedagóxicas	10	5	15	5
Adestramento deportivo	10	10	15	15
Fundamentos sociolóxicos do deporte	5	0	0	0
Organización e lexislación deportiva	5	0	5	0
PPAA e hixiene do deporte	30	15	0	0
Teoría e socioloxía do deporte	0	0	10	0
	<b>75</b>	<b>30</b>	<b>70</b>	<b>25</b>
	<b>105</b>		<b>95</b>	
<b>Bloque específico</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>
Desenvolvemento profesional	20	0	15	0
Formación técnica do esquí de fondo	20	30	30	50
Material de esquí de fondo	5	5	10	10
Medio ambiente de montaña	5	5	10	5
Metodoloxía de ensino do esquí de fondo	30	20	25	20
Metodoloxía do adestramento do esquí de fondo	0	0	30	30
Seguridade deportiva	20	10	20	20
	<b>100</b>	<b>70</b>	<b>140</b>	<b>135</b>
	<b>170</b>		<b>275</b>	
<b>Bloque complementario</b>	<b>25</b>		<b>45</b>	
<b>Bloque de formación práctica</b>	<b>150</b>		<b>150</b>	
<b>Carga horaria total</b>	<b>450</b>		<b>565</b>	



## TÉCNICO DEPORTIVO EN SNOWBOARD

	PRIMEIRO NIVEL		SEGUNDO NIVEL	
<b>Bloque común</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>
Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte	15	0	25	5
Bases psicopedagóxicas	10	5	15	5
Adestramento deportivo	10	10	15	15
Fundamentos sociolóxicos do deporte	5	0	0	0
Organización e lexislación deportiva	5	0	5	0
PPAA e hixiene do deporte	30	15	0	0
Teoría e socioloxía do deporte	0	0	10	0
	<b>75</b>	<b>30</b>	<b>70</b>	<b>25</b>
	<b>105</b>		<b>95</b>	
<b>Bloque específico</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>	<b>Teoría</b>	<b>Práctica</b>
Desenvolvemento profesional	20	0	15	0
Formación técnica do snowboard	20	30	30	50
Material de snowboard	5	5	10	10
Medio ambiente de montaña	5	5	10	5
Metodoloxía de ensino do snowboard	30	20	25	25
Metodoloxía do adestramento do snowboard	0	0	30	30
Seguridade deportiva	20	10	20	20
	<b>100</b>	<b>70</b>	<b>140</b>	<b>140</b>
	<b>170</b>		<b>280</b>	
<b>Bloque complementario</b>	<b>25</b>		<b>45</b>	
<b>Bloque de formación práctica</b>	<b>150</b>		<b>175</b>	
<b>Carga horaria total</b>	<b>450</b>		<b>595</b>	